

Alvarellos Editora lanza cinco novos modelos de «Libretas literarias»

Un manuscrito de Manuel Antonio, unha serea trazada por Urbano Lugrís, letras capitulares de Castelao, a Muralla de Lugo de Blas Lourés e as follas dun 'xinkgo biloba' centenario inspiran os novos deseños das libretas literarias que este outono saca á venda Alvarellos Editora, dous anos despois de lanzar os primeiros modelos, xa esgotados.

Santiago, decembro de 2017.- «Miden o mesmo que un *smartphone*, co que forman un tándem perfecto. Tecnoloxía e beleza en harmonía», así as define o seu creador, o editor e xornalista Quique Alvarellos, director de Alvarellos Editora.

A empresa lanza cinco novos deseños, dous anos despois de iniciar a colección. De momento, só se poderán adquirir a través da web www.alvarellos.info e nos establecementos que as soliciten.

Defínense como “Libretas literarias”, inspiradas na arte, nas letras ou na natureza de Galicia. Os cinco novos modelos renden homenaxe a **Manuel Antonio**, pois un dos deseños recolle o manuscrito do poema “Sós” do libro *De catro a catro* (1928), ao mar de **Urbano Lugrís** coa fina silueta dunha evocadora serea, á **Muralla de Lugo** na visión persoal de Blas Lourés, ás letras capitulares de **Castelao** (aquí plenas de cor) ou ás follas dun centenario ‘**xinkgo biloba**’, a coñecida como “árbore dos dinosauros” que se alza no antigo xardín botánico de Fonseca, en Compostela.

«Eu levo moitos anos usándoas. Pero deseñábaas só para min. Hai dous anos decidín probar a compartila e tiveron unha acollida magnífica. Son libretas da memoria. Lugares mínimos onde pousar unha idea, unha frase, un recado, un poema, un aviso... Todo o que escribimos na Rede non sabemos onde irá a parar; estas libretas, pola contra, poden ocupar sempre un lugar físico preto de nós». Na web www.alvarellos.info explícase a orixe e motivo de cada unha delas.

TAMAÑO E ENCADERNADO

As libretas literarias de Alvarellos Editora miden 8 cms de ancho x 15 cms de alto. Teñen 46 páxinas e están encadernadas en cola Pur. As capas están impresas a cor en cartolina de 300 gramos, plastificadas. O papel interior é de 80 gramos. O prezo por unidade é de 2,60€ e o pack de 5 libretas custa 12€. [Venda exclusiva en www.alvarellos.info]

Contacto con Alvarellos Editora: 981 522 137 | 609 90 88 52 prensa@alvarellos.info
+ info www.alvarellos.info

